

**BASES DO XI CONCURSO DE PINTURA AO AIRE LIBRE  
"JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ LEICEAGA" (Sesé), día 28 de abril 2018**

O Concello de Noia (A Coruña) convoca o XI Concurso de Pintura ao aire libre "Juan José Fernández Leiceaga" (Sesé).

**BASES:**

- 1.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen.
- 2.- Dito certame terá lugar na Vila de Noia o sábado 28 de abril de 2018.
- 3.- INSCRICIÓN E SELADO: a inscrición e selado das teas e soportes elexidos polos artistas terá lugar o mesmo día 28 de abril a partir de 08:30 h. ata as 11:30 h. na Casa Consistorial do Concello, sita na Alameda.

4.- TEMÁTICA: o tema obrigado do concurso é o casco histórico de Noia: paisaxe urbana (tendas, rúas, prazas, malecóns, ...), as súas xentes (non valen retratos), monumentos, xardíns, interior da praza de abastos, etc. Necesariamente as obras deberán ser pintadas en directo, "in situ".

O plano do casco histórico pódese solicitar por correo electrónico a: [sesecertamen@gmail.com](mailto:sesecertamen@gmail.com). Asemade o día da inscrición achegarase plano da zona.

5.- CATEGORÍAS: haberá tres categorías: adultos (de 17 anos en diante), infantil (de 4 a 10 anos) e xuvenil (de 11 a 16 anos).

6.- TAMAÑO E TÉCNICA: as dimensións das obras serán como máximo de 100 X 81 cm. E como mínimo de 81 X 65 cm.

*\*Na modalidade categoría infantil (de 4 a 10 anos) as medidas serán elexidas polos propios participantes.*

O soporte poderá ser branco ou en cor base sen texturas e as obras poderanse realizar en calquera técnica: óleo, acrílico, acuarela, etc.

O artista virá provisto de todo o material necesario para a execución da súa obra incluído o cabaleta para expoñer a pintura realizada.

Admitirase unha soa obra por concursante e presentaranse sen asinar.

7.- RECEPCIÓN DAS OBRAS: Entregaranse na Casa do Concello en horario de 15:00 a 15:45 h. que se dá por rematado o tempo de realización e presentación das obras.

**8.- PREMIOS:**

- 1º Premio..... 2.000 €
- 2º Premio..... 1.500 €
- 3º Premio..... 1.000 €
- Premio JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ LEICEAGA..... 1000 € (patrocinado por *Saladina Leiceaga Baltar e fillos*).

- PREMIO NOVOS VALORES ..... 1.000 € (patrocinado pola Fundación *Otilia Millares Vázquez*).
- PREMIO "ESTUDIO TÉCNICO Luis F."Chispa" ... 700 € (patrocinado por *Estudio Técnico Luis F. Chispa*).
- PREMIO "GRAFINOIA" ..... 600 € (patrocinado por *Grafinoia*)
- Accésit ..... 250 €
- Accésit ..... 250 €
- Accésit ..... 250 €

#### PREMIO CATEGORÍA DE 11 A 16 ANOS

- 1º Premio..... 200 €
- 2ª Premio..... 100 €

#### PREMIOS CATEGORÍA INFANTIL DE 4 A 10 ANOS

- 1ª, 2ª e 3ª Mención especial para nenos e nenas.. ... *trofeo + diploma+material de debuxo*

**PROCEDIMENTO DE PAGO DO 1º, 2º e 3º premio, accésits, categoría de 11 a 16 anos e premio "Estudio Técnico Luis F. Chispa":** os premios estarán suxeitos á lexislación fiscal aplicable realizándose o seu pago mediante transferencia bancaria. Para o pago do premio os autores deberán presentar certificación da conta bancaria e copia do DNI así como o modelo de declaración responsable conforme se cumpren todos os requisitos do artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública. O pago realizarase nos vinte días hábiles seguintes á presentación da antedita documentación.

Os premios están consignados na partida 338.48000, atopándose retido o crédito necesario.

**PROCEDIMENTO DE PAGO para os restantes premios:** o pago do premio farase mediante cheque, que será entregado polos patrocinadores, aos autores das obras premiadas o mesmo día da celebración do certame.

**9.- O XURADO** estará composto polas seguintes persoas:

**Presidente:** Alfonso Costa Beiro sen voz e sen voto.

**Secretario/a:** Traballador/a do Concello de Noia, con voz e sen voto.

**Vogais:** O concelleiro delegado de cultura e catro persoas de recoñecido prestixio dentro do mundo da arte.

A súa decisión será inapelable e basearase na análise de calidade e do valor artístico das obras presentadas a concurso, así como que as obras se adapten ao tema obrigado do concurso.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se as obras presentadas non acadan a calidade suficiente.

**10.- DECISIÓN DO CONCURSO:** os membros do xurado emitirán a decisión do concurso, que será inapelable, ás 18:00 horas no Salón de Plenos do Concello.

A continuación realizarase a entrega de premios.

**11.- PROPIEDAD DAS OBRAS:** as obras galardoadas co primeiro, segundo e terceiro premio quedarán en propiedade do Concello de Noia, así como os dereitos de reprodución e publicación.

As obras premiadas deberán ser asinadas polos artista, unha vez se coñeza a decisión do xurado.

As obras premiadas por *Saladina Leiceaga Baltar e fillos*, e pola Fundación *Otilia Millares Vázquez* pasarán a ser propiedade das mesmas.

As obras premiadas polas empresas *Grafinoia* e *Estudio Técnico Luis F. Chispa* pasarán a ser propiedade das mesmas.

As obras gañadoras dos tres accésits e as premiadas nas categorías infantil e xuvenil serán devoltas aos seus autores.

**12.- EXPOSICIÓN E VENDA** (días 28 de abril): o conxunto de obras participantes permanecerán expostas no Claustro do Concello para ser contempladas polos visitantes e tamén para a súa posible venda dende as 18:30 h. ata as 21:00 h. do 28 de abril de 2018.

**Para a retirada da obra será necesario a presentación do DNI ou documento que acredite a identidade do autor.**

A organización velará polo coidado das obras, aínda que non se responsabiliza dos danos que puideran sufrir durante a exposición.

**13. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:** A información persoal proporcionada polos participantes será tratada dacordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro sobre a Protección de Datos Persoais. A organización resérvase o dereito de interpretación das bases, co único obxectivo de favorecer o desenvolvemento do concurso.

Email de contacto: [sesecertamen@gmail.com](mailto:sesecertamen@gmail.com)

Tfno información: 699 301481

